



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 1 DE OUTUBRO DO 2020.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor acctal.: D. Jorge González Mariño</p> <p>Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día un de outubro do dous mil vinte, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada na data 24/09/2020.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/09/2020 **“Decreto: Adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado “Melloras nas instalacións deportivas de A Fieiteira””**.





2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/09/2020 **“Decreto: Adjudicación do contrato para executar as obras do proxecto denominado “Pavimentación do vial e beirarrúas no polígono industrial de Xarás (Ribeira)””**.

3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/09/2020 **“Decreto: Exclusión do único licitador presentado e declaración de expediente deserto da subministración (compra) de un vehículo para o Servizo de Emerxencias Municipal”**.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

LICENZA DE OBRA MAIOR (Nº 26/20) PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA BAI XO CUBERTA PARA ADICALO A USO RESIDENCIAL E TERCIARIO (ACTIVIDADE DE RESTAURACIÓN) *(Solo Urbano Ordenanza 6.1. Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada).*

SITUACIÓN: TRAVESÍA FALCATO, Nº 2 CORRUBEDO, RIBEIRA
PROMOTOR: EMMA GARCÍA SOMOZA

VISTA a solicitude de **licencia de obra maior** solicitada por **Dna. Emma García Somoza** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA BAI XO CUBERTA PARA ADICALO A USO RESIDENCIAL E TERCIARIO (ACTIVIDADE DE RESTAURACIÓN)** (Solo Urbano Ordenanza 6.1. Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada) na **TRAVESÍA FALCATO, Nº 2 CORRUBEDO, RIBEIRA**, achegándose Proxecto Básico de xuño de 2020, de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 29 de xuño de 2020, anexo I ,materiales de fachada de setembro de 2020, redactados polo Sr. D. Daniel Prieto López, (arquitecto col. nº 3.950)

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos na data 23 de setembro de 2020 en relación á licenza de obras facendo constar que considérase que





a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e demais normativa que resulta de aplicación.

VISTO o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xera, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 01/10/2020, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. Emma García Somoza licenza urbanística (Nº 26/20) para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA BAIXO CUBERTA PARA ADICALO A USO RESIDENCIAL E TERCIARIO (ACTIVIDADE DE RESTAURACIÓN)** (Solo Urbano Ordenanza 6.1. Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada) na **TRAVESÍA FALCATO, Nº 2 CORRUBEDO, RIBEIRA**, de acordo co Proxecto Básico de xuño de 2020, de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 29 de xuño de 2020, anexo I, materiais de fachada de setembro de 2020, redactados polo Sr. D. Daniel Prieto López, (arquitecto col. nº 3.950.

*-Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 21,80 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 131,89 en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na





lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.

- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.
- A obra realizarse baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O





incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **María Josefa Ayaso García**, de data 23/09/2020 (Rexistro de entrada nº 12.107), no que solicita certificación urbanística de que un camiño (*Refª catastral: 15074A821090120000ZY*), situado en Areeiros (Castiñeiras), non figura no Inventario de Bens Inmóbeis do Concello de Ribeira e que non é de titularidade pública.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 01/10/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Solicítase certificación de que o camiño con referencia catastral 15074A821090120000ZY situado no medio das parcelas seguintes con referencias catastrais 15074A821002560000ZR e 15074A821002570000ZD, non é de titularidade pública.





Que o Concello de Ribeira concedeu licenza de segregación nº 3/2020 das fincas citadas anteriormente, nas que se pon de manifesto, según escrituras de propiedade, que non existe dito camiño.

Consultado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno Municipal de data 26 de febreiro de 2018, dito camiño non consta inventariado como camiño público.

2.- Visto o escrito presentado por **Natalia Sanlés González**, de data 31/07/2020 (Rexistro de entrada nº 9.268), no que solicita certificación urbanística sobre a non existencia de vial público en parcela situada en Carreiriña (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 23/09/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Consultado o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira, compróbase que a parcela con nº de referencia catastral 9300907MH9190S0001OZ non está atravesada por camiño.

3.- Visto o escrito presentado por **Manuela Pérez Cadabal**, de data 10/08/2020 (Rexistro de entrada nº 9.779), no que solicita certificación urbanística de que unha parcela situada en Vixán (Carreira) non invade camiño público.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnicos emitidos ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de datas 26/08/2020 e 24/09/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

O camiño referenciado en documentación aportada pola solicitante, **é público**, figurando co número 209 no Inventario de Bens Municipais, aprobado en sesión plenaria de data 26 de febreiro de 2018, e realizada visita de inspección, púidose comprobar que a finca non invade dito camiño.

4.- Visto o escrito presentado por **Andrea Callón Gago**, de data 28/08/2020 (Rexistro de entrada nº 10.587), no que solicita certificación urbanística de situación de disciplina urbanística da finca con refª catastral nº 0912525NH0101S0001RX.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/08/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:





Revisados os arquivos obrantes nesta Administración infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á finca con refª catastral nº 0912525NH0101S0001RX sita na Rúa Carqueixa, Ribeira.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. MARCOS M. PÉREZ CASTRO, POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POLA SÚA FILLA COMO CONSECUENCIA DUNHA CAÍDA NO PASEO MARÍTIMO DE COROSO. EXPEDIENTE RP/ 4/2019.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Marcos M. Pérez Castro**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 23 de febreiro de 2019, a filla menor de idade de D. Marcos M. Pérez Castro, con DNI número 52.931.418-T, camiñaba polo Paseo Marítimo de Coroso, cando, debido ao mal estado das lousas do citado Paseo, sufriu unha caída pola que tivo que ser trasladada ao Hospital da Barbanza, no que lle diagnosticaron fractura de radio esquerdo.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 05/03/2019 co número 3.031, o Sr. Pérez Castro promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e lesións sufridos que, en escrito presentado a posteriori (concretamente na data 05/07/2019 co número 9.744 de rexistro), cuantifica na contía total de 12.500 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: informe emitido na data 23/02/2019 polo Hospital da Barbanza; e fotografías do lugar do accidente.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 14/02/2020 pola Policía local do Concello de Ribeira.





- Informe emitido na data 02/03/2020 pola enxeñeira municipal.

Quarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que durante o mesmo conste a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de



FIRMANTE - FECHA





Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimado o Sr. Pérez Castro para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende, por ser a súa filla menor de idade quen sufriu as consecuencias lesivas do accidente ocorrido no Paseo Marítimo de Coroso, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a data da caída.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira por ser a Administración a quen lle corresponde o mantemento do citado Paseo, tal e como indica a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 02/03/2020.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos e das lesións sufridas pola filla do Sr. Pérez Castro. Así se deduce do parte médico que achega o reclamante co seu escrito rexistrado de entrada na data 05/03/2019.

Sen embargo, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos e lesións producidos, logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior.

Parece imputarse a esta Administración un funcionamento anormal do servizo público do mantemento das vías urbanas, xa que o reclamante conecta os danos sufridos pola súa filla a un defectuoso estado de conservación das lousas do Paseo Marítimo de Coroso. Non obstante, hai que partir da regra xeral segundo a cal é esixible aos viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada, por introducirse, neste caso, un elemento estraño na relación xurídica, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que, cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como estableceu de xeito reiterado a xurisprudencia do Tribunal Supremo.

O control da propia deambulación non pode, sen embargo, ser elevado a regra absoluta á hora de excluír unha eventual responsabilidade da Administración, senón que deberá terse en conta o estado de conservación das vías, beirarrúa e beiravías polas que transite e o emprego da dilixencia esixible na deambulación.

No caso que nos ocupa, enténdese que non concorre ningún dos requisitos citados. En primeiro lugar, non se constatou ningún defecto no Paseo que puidese ocasionar a caída da filla do reclamante, apreciándose un bo estado de conservación do pavimento, como así o dispón a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 02/03/2020: *"En la fecha de*



FIRMANTE - FECHA





la caída, esto es, el día 23 de febrero de 2019, no se hizo por parte del departamento de obras públicas, ninguna inspección del Paseo Marítimo do Coroso, por lo que se desconoce el estado exacto del referido paseo en la fecha del accidente. La única información que tenemos del estado del paseo a esa fecha (en concerto de la zona del mismo donde se produjo la caída), la aporta el propio reclamante con su escrito de reclamación, al adjuntar varias fotografías del mismo en las que se aprecia el buen estado del paseo en general. Esta zona pública, está destinada solamente a los viandantes, no a los vehículos. Con esto se quiere poner de manifiesto que es una zona en la que el pavimento, tal y como se aprecia en las fotografías, suele estar en bastante buen estado, ya que al ser una zona exclusivamente peatonal no sufre el desgaste propio del paso de vehículos. Aún así, puede existir algún tipo de irregularidad en el pavimento, ya que es imposible garantizar totalmente a los peatones que no sufrirán una caída en la calle, pues no es posible garantizar la ausencia total de deficiencias en las calles, paseos y demás lugares públicos del pueblo. Así, en las fotografías que presenta el Sr. Pérez Castro, se aprecia que no hay junta de mortero entre las losetas, pero las losas están bien niveladas, por lo que no se considera que existe ningún obstáculo para los peatones. De todas formas, con motivo de la reclamación presentada, de la que se dio cuenta a este departamento desde los servicios de la secretaría general, en el mes de febrero del presente año 2020 se procedió a la inspección de la zona en la que tuvo lugar la caída de la menor, tomando varias fotografías que se adjuntan a este informe, y en las que se sigue apreciando el buen estado general del paseo y el mismo pequeño defecto referido anteriormente, que, vuelvo a reiterar, no se considera un obstáculo relevante o un peligro para el tránsito de los vecinos. No se tiene constancia de otras reclamaciones o quejas por el estado del Paseo Marítimo de Coroso. (...).”

Polo exposto, non pode aceptarse a afirmación do reclamante de que a caída foi debida ao mal estado do Paseo, xa que do informe da enxeñeira e das fotografías que constan no expediente pódese apreciar que estas afirmacións non se corresponden coa realidade.

Non consta no expediente ningún dato ou informe técnico que indique que a situación da vía a fixera pouco idónea ou perigosa para os transeúntes.

Tampouco constan queixas ou reclamacións polo estado do Paseo, nin se ten constancia doutros incidentes.

Polo que se refire ao segundo dos requisitos apuntados, hai que entender que tampouco concorre no presente suposto, pois, ao non demostrarse a existencia dun obstáculo, e estando o Paseo nun óptimo estado de conservación, a filla do reclamante non tiña necesidade de empregar unha excesiva dilixencia, senón o coidado habitual que debe ter calquera persoa que transita pola rúa.

Polo exposto, podemos cualificar o suceso acaecido como un evento determinante dun accidente común, non indemnizable pola Administración pola vía de responsabilidade patrimonial extracontractual.

Por todo o exposto, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 23/09/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:





Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Marcos M. Pérez Castro polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JESÚS MANUEL RODRÍGUEZ OLVEIRA, POLOS DANOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS POR MOR DOS TRABALLOS DE DESBROCE DE OPERARIOS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE RP/16/2019.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. JESÚS MANUEL RODRÍGUEZ OLVEIRA**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 08 de abril de 2019, o vehículo marca BMW, modelo 530 D, con placas de matrícula 8496 BGT, propiedade de D. Jesús Manuel Rodríguez Olveira, con DNI número 52455926X, atopábase estacionado á altura do nº 4 da Rúa Río do Mar, no lugar de Areeiros, parroquia de Castiñeiras, cando, de súpeto, bateron contra o mesmo unhas pedras por mor das labores de desbroce que neses intreos estaban a realizar varios operarios municipais, producíndose danos no citado automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 07/11/2019 co número 15.643, o Sr. Rodríguez Olveira, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados que cuantifican na contía total de 1.210 euros, mais os xuros que legalmente lle correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple de informe realizado pola policía local do Concello de Ribeira; copia simple do presuposto de reparación do vehículo emitido por "Talleres Alca."

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña, rexistrado de entrada na data 08/07/2020.
- Informes emitidos nas datas 08/04/2019 e 26/09/2019 pola Policía local.
- Informe emitido na data 04/08/2020 polo capataz do servizo municipal de xardinería.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que o reclamante presentou escrito de alegacións (Rexistrado de entrada na data 11/09/2020 co número 11.359), e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-





A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto



FIRMANTE - FECHA





lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ser o propietario do vehículo que resultou danado, e polo tanto quen ten que asumir o custo da súa reparación**, tal e como queda acreditado no certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña, rexistrado de entrada na data 08/07/2020.

A lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Ribeira, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca BMW, modelo 530 D, con placas de matrícula 8496 BGT. Así se deduce do presuposto de reparación de danos que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexos de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que puido comprobar a veracidade dos mesmos.** Así no informe emitido na data do sinistro, dispónse o seguinte: *“(...) siendo las 12:50 horas del día de la fecha, fuimos requeridos por nuestro Cuperpo de Guardia, comunicando que al parecer uno de los jardineros del Concello, que se encontraba desbrozando los arces de las calles en la zona de Areeiros de la parroquia de Castiñeiras, con la desbrozadora le produjo daños a un vehículo que se encontraba estacionado por la zona. Personados en el lugar en la calle Río do Mar a la altura del nº 4, se pudo comprobar cómo, al vehículo de la marca BMW modelo 530 D, con placa de matrícula 8496 BGT, matriculado el 20-03-2001 y propiedad de Jesús Manuel Rodríguez Olveira, (...), se le produjeron daños consistentes en ralladuras en la carrocería en aleta delantera izquierda y puerta delantera izquierda, al encontrarse estacionado en la citada calle, provocados por unas piedrecillas que salieron despedidas al pasar la operaria con la desbrozadora, a la altura por donde se encontraba el vehículo. Puestos en contacto con la encargada de los jardineros del concello que estaban realizando labores de limpieza, nos confirman lo sucedido. (...)”*
- Posteriormente, en informe emitido na data 26/09/2019 pola Policía local, dispónse o seguinte: *“(...) Tras realizar la nueva inspección ocular se observa que en las aletas delantera y trasera del lateral derecho, aleta trasera del lateral izquierdo, puertas delantera y trasera del lateral derecho*





y capó delantero, hay daños similares y de las mismas características a los referenciados en el informe inicial y que posiblemente fuesen producidos en las mismas circunstancias anteriores. El vehículo referido es de la marca BMW modelo 530 D, con placa de matrícula 8496 BGT (...)."

- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 04/08/2020 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos:** *"Que na data 08/04/2019 estiveron traballando na Rúa Río do Mar, parroquia de Castiñeiras, realizando labores de desbroce, advertindo que durante as referidas labores un dos operarios que estaba utilizando a máquina desbrozadora, colleu unhas pedras que saltaron cara o vehículo marca BMW, matrícula 8496 BGT, que se atopa na zona, batendo contra o mesmo, pero sen que se poida concretar os danos ocasionados ao citado vehículo."*

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo marca BMW, con placas de matrícula 8496 BGT, propiedade de D. Jesús Manuel Rodríguez Oliveira e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Respecto ao **quantum a indemnizar**, estímase en 1.210 euros, máis os xuros legais que correspondan, por vir así confirmado en informe emitido posteriormente pola Policía local, que os danos causados non foron soamente na aleta dianteira esquerda e na porta dianteira esquerda, senón nas *"(...) aletas delantera y trasera del lateral derecho, aleta trasera del lateral izquierdo, puertas delantera y trasera del lateral derecho y capó delantero (...)"* (Informe Policía Local de data 26/09/2019).

Por todo o exposto, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 24/09/2020, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 24/09/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Jesús Manuel Rodríguez Oliveira, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 1.210, que se abonará da forma seguinte: o Concello de Ribeira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscribida polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 1.060 euros, máis os xuros legais que correspondan.

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.



FIRMANTE - FECHA





XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por Antonio García Pravos en representación de **Gerosalud, S.L.**, de data 21/09/2020 (Rexistro de entrada nº 11.990), no que solicita a concesión dunha zona de estacionamento reservado para un vehículo sanitario diante do establecemento Clínica Gaias, situado na Avenida da Coruña, nº 52 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 28/09/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Aprobar** a habilitación dunha zona de estacionamento reservado para un vehículo sanitario diante do establecemento *Clínica Gaias*, situado na Avenida da Coruña, nº 52 (Ribeira).
- Deberá procederse á senalización da zona de estacionamento reservada co pintado de liña continua amarela (1 vehículo), así como coa colocación dun sinal vertical de prohibido estacionar R-308 cun panel complementario coa lenda "*Excepto vehículo sanitario Clínica Gaias*".
- O interesado deberá solicitar a tarxeta de vehículo autorizado na Xefatura da Policía Local.

2.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Miguel A. Franco Parada**, en calidade de Patrón Maior da Confraría de Pescadores de Palmeira, de data 28/09/2020 (Rexistro de entrada nº 12.409), relativo ás obras que se están a realizar no Porto de Palmeira.

3.- Visto o escrito presentado por **José Francisco Parente Martínez**, de data 23/09/2020 (Rexistro de entrada nº 12.141), no que solicita a instalación de varios espellos viais para diferentes zonas da parroquia de Corrubedo (Estrada do Corgo, Estrada do Faro e Avenida de Buenos Aires).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 29/09/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a instalación de tres espellos viais en varias zonas da parroquia de Corrubedo (Estrada do Corgo, Estrada do Faro e Avenida de Buenos Aires), debido a que se trata de lugares con zonas moi estreitas ou escasa visibilidade, co fin de facilitar a manobra de incorporación á vía principal; según o sinalado no citado informe policial.





4.- Visto o escrito presentado por M^a Carmen Martínez Gude en representación de **Gloria Gude Sampedro**, de data 29/09/2020 (Rexistro de entrada nº 12.506), no que solicita a instalación dun paso de peóns no lugar de Muíños - Artes (Parte o Río), á altura do nº 18.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/09/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Informar favorablemente a solicitude de **instalación de paso de peóns**, no lugar de Muíños -Artes (Parte o Río), á altura do nº 18, presentada por M^a Carmen Martínez Gude en representación de Gloria Gude Sampedro, debido a que se trata dunha zona de gran afluencia de tráfico e onde se atopan uns contenedores fronte ás vivendas, sendo necesario un paso de peóns para poder cruzar a estrada coa seguridade necesaria, xa que os pasos de peóns máis cercanos se atopan a unha gran distancia.
- Dar traslado deste acordo, xunto co informe policial e solicitude da interesada, ao servizo de estradas da Deputación Provincial da Coruña, debido a que é a administración titular da estrada DP-7304, para que procedan á autorización e instalación do citado paso de peóns

5.- Visto o informe presentado pola **Policía Local**, de data 28/09/2020, relativo á petición realizada polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá sobre a conveniencia ou non de establecer limitación horaria (zona azul) na zona de estacionamento situada na Avenida do Malecón, a carón da Praza de Heroínas de Sálvora, no tramo comprendido entre os respectivos cruces coas rúas de Canarias e Barreira (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, según o sinalado no citado informe policial, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar o establecemento dunha limitación horaria de 90', ao igual que nas demais zonas azuis existentes na mesma vía.
- Autorizar o establecemento dunha "zona express", con estacionamento limitado en 15', situado na parte máis próxima ao edificio da Praza de Abastos e da Oficina de Correos, debendo abarcar un espazo equivalente a 5 prazas de estacionamento.

6.- Visto o informe presentado pola **Policía Local**, de data 28/09/2020, relativo á petición realizada pola Concelleira Delegada de Educación, Xuventude e Deportes, Juana Brión Santamaría sobre a existencia de parada de autobús regular denominada "Caticovas" na estrada AC-305 ao seu paso por Palmeira (Ribeira).





A Xunta de Goberno Local, según o sinalado no citado informe policial emitido en sentido favorable, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Informar que, según o sinalado no citado informe, realizada a inspección ocular por parte da policía local no lugar, obsérvase que entre os números 31 ao 29 da Rúa Galicia (Palmeira) existe unha parada de autobús de servizo regular de viaxeiros, denominada “Caticovas”, acondicionada cunha marquesiña para protección dos usuarios do transporte de viaxeiros, existindo espazo suficiente no arcen para a parada do autobús e a recollida de viaxeros.

Que é factible que esa parada que xa existe, sexa compatible co servizo de transporte escolar non tendo que desviarse o autobús escolar de ruta, resinalando que os alumnos estarían agrupados nun mesmo punto e protexidos das inclemencias do tempo ao estar ubicada nun lugar una marquesiña que xa está a ser utilizada polo transporte regular de viaxeiros.

En base ao anterior, esta Xunta de Goberno Local considera que esa parada de autobús do servizo de transporte regular de viaxeiros sexa compatible co servizo de transporte escolar.

CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “O POTE”.

Vista a **proposta** presentada polo Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Ramón Doval Sampedro, de data 28/09/2020, no que solicita a aprobación da “Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego “O Pote””, así como os anexos que constan no expediente.

Visto o *informe* favorable emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/09/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

Aprobar a “Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego “O Pote””, así como os anexos que constan no expediente.





ADHESIÓN AO PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

Vista a proposta da Alcaldía, de data 30/09/2020, relativa á adhesión do Concello de Ribeira ao PEL- REACTIVA: fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña.

Vistas as bases reguladoras das axudas PEL REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña publicadas no BOP da Coruña núm 123 de data 05/08/2020 e a convocatoria da liña de axudas 1.3-PEL REACTIVA publicadas no BOP da Coruña núm.132 do 18 de agosto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- acordar a adhesión do Concello de Ribeira ao PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

Segundo.- Comprometerse a complementar a achega provincial cun 20% con cargo aos orzamentos propios, de conformidade co establecido nas normas reguladoras do PELREACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA e co límite establecido no anexo I Módulos que se han financiar.

Terceiro.- Segundo o informe do interventor municipal en función de data 30/09/2020, o Concello dispón de financiamento dabondo para cubrir a achega municipal do 20%.

ACORDO RELATIVO A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE AMBIENTAL DE RETIRADA MANUAL DE RESIDUOS NA PRAIA DO VILAR, TERMO MUNICIPAL DE RIBEIRA

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Escrito remitido á Concellería de Medio Ambiente deste Concello por Beatriz Prego Pérez (39459088N), de data 17 de setembro de 2020, mediante o que expón: *“Que, como representante del Colegio Mayor Arosa, tengo intención de realizar una limpieza de residuos con un grupo de voluntarios en Ribeira como parte de una acción de concienciación y movilización dentro del Proyecto LIBERA, de SEO/BirdLife en alianza con Ecoembes. Que la zona de limpieza será la playa de O Vilar y sus inmediaciones en el término municipal de Ribeira.”* Y solicita: *“el permiso correspondiente del Ayuntamiento de Ribeira para llevar a cabo dicha actividad de voluntariado el día 03 de octubre entre las 11:00 y las 14:00 aproximadamente.*





Asimismo solicito me indiquen ante quién debo gestionar la presencia de contenedores y/o la recogida de las bolsas de residuos que llenarán los voluntarios."

BREVE EXPLICACIÓN

O proxecto 'LIBERA, unidos contra la basuraleza' nace no ano 2017 para frear as consecuencias do lixo abandonado nos espazos naturais, a "basuraleza", nos diferentes ecosistemas espais. Foi creado pola ONG ambiental decana de España, SEO/BirdLife, en alianza con Ecoembes, a organización medioambiental sen ánimo de lucro que promove a economía circular a través da reciclaxe dos envases.

OBXETIVO

O obxectivo desta iniciativa é concienciar e mobilizar á cidadanía para manter os espazos naturais libres de lixo e que podamos, deste xeito, liberar moita máis vida en favor da biodiversidade. Para elo, desde LIBERA se plantexa unha abordaxe integral do problema, en tres eixos de acción: coñecemento, prevención e participación.

Visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 29/09/2020.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta os seguintes acordos:

1. Estimar favorablemente a realización da actividade no entorno litoral do termo municipal de Ribeira, na localización sinalada ou, de ser o caso, na alternativa que se propoña.
2. Cooperar activamente coa proposta, colaborando en diversos aspectos:
 - Retirada e xestión dos residuos,
 - Difusión da actividade,
 - Dotación de medios materiais, si é necesario.
3. Advertir da necesidade de tramitar as correspondentes autorizacións e/ou informes doutras administracións con competencias en materia de xestión do D.P.M.T., espazos naturais...

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

